

# 222

222 marzo-abril 2021

revista galega de  
pensamento  
 cristián

marzo-abril 2021

# 222

## Encrucillada

revista galega de pensamento cristián

**O Patrimonio da Igrexa Católica en Galicia. Os seus límites fronte ao patrimonio demanial público e comunitario**  
por Xoán Antón Pérez Lema

**A administración dos bens temporais na Igrexa. Claves para unha administración «orientada»**  
por Miguel Campo-Ibáñez

**A poesía de Xela Arias, unha obra tensa e depurada**  
por Miguel A. Mato Fondo

**Patrimonio solidario**  
por Roberto Freire Hernando

**Obasileia. «Ovellas perdidas» ao servizo da Sociedade e na Igrexa**  
por Mari Carmen Lata Rioboo, José Manuel Rodríguez Díaz e Ángel Meljide Rico

**Revolta de mulleres na Igrexa. Ata que a igualdade sexa costume**  
por Asociación de Mulleres Cristiás Galegas Exerxia

**Cronica da Igrexa**  
por Manuel Regal Ledo





## O Patrimonio da Igrexa Católica en Galicia. Os seus límites fronte ao patrimonio demanial público e comunitario

---

Xoán Antón Pérez Lema<sup>1</sup>

En febreiro deste 2021 o Goberno do Estado deu a coñecer a listaxe dos máis de 30.000 bens inmóbeis inmatriculados nos Rexistros da Propiedade de todo o territorio español entre 1998 e 2015 a medio dunha simple certificación eclesiástica e sen ningunha caste de título de dominio (compravenda, permuta, doazón, legado, herdanza, compravenda de terreo e ulterior obra nova construída, etc.).

Pertencen realmente estes bens ao patrimonio eclesiástico ou pertencen ao patrimonio público por mor do seu destino ao uso público do culto ou do soterramento dos veciños, no caso dos cemiterios? No caso de Galicia, onde existiu dende tempo inmemorial unha propiedade colectiva veciñal sobre montes e bens inmóbeis de uso xeral, pertencen as igrexas parroquiais construídas de vello, os seus cemiterios e os seus adros e contornas á Igrexa Católica ou aos veciños, cumpríndolle á Igrexa o seu uso e desfrute?

Indubidabelmente é un tema de grande actualidade sobre o que aínda se vai escribir moito máis nos vindeiros tempos. Tentaremos, xa que logo, botar algo de luz sobre esta cuestión dende argumentos xurídicos e históricos.

---

<sup>1</sup> Xoán Antón Pérez Lema é licenciado en Dereito pola U. Pontificia Comillas ICAI-ICADE. Foi xefe de gabinete da Consellaría da Presidencia e Administración Pública da Xunta entre 1987 e 1990 e profesor na Escola de Práctica Xurídica do Colexio de Avogados da Coruña e na Facultade de Ciencias Sociais da U. de Vigo. Actualmente imparte docencia no programa de asesoría xurídica de empresa do Instituto de Finanzas e Formación Empresarial (IFFE) e dirixe un despacho de Avogados na Coruña.

## 1.- Os alicerces xurídicos do patrimonio eclesiástico

O Dereito propio da Igrexa regula a normativa do seu patrimonio no Código de Dereito Canónico<sup>2</sup> (CDC, en diante). Este Dereito propio da Igrexa recoñécelle o dereito para adquirir, posuír, conservar e administrar e allear bens temporais para cumprir os fins propias da Igrexa, nomeadamente: i) sosteren o culto divino, ii) manteren o clero e demais ministros e iii) desenvolveren as obras de apostolado sacro e de caridade, por riba de todo cos máis necesitados.

O CDC recoñece esta capacidade xurídica para adquirir, manter, administrar, posuír e allear bens temporais non só á Igrexa universal e á Sé Apostólica<sup>3</sup> (no senso de diocese romana), máis tamén ás Igrexas diocesanas particulares e demais persoas xurídico-públicas eclesiásticas (Ordes e Congregacións Relixiosas, outros Institutos de Vida Consagrada e outras Institucións e Entidades Eclesiásticas). Toda esta multiformidade de persoas xurídico-públicas eclesiásticas foi recoñecida canto a súa total capacidade xurídico-civil en virtude do Acordo entre o Estado español e a Santa Sé sobre asuntos xurídicos<sup>4</sup> asinado o 03.01.1979 e que constitúe o Dereito concordatario vixente no que atinxe á capacidade das persoas xurídicas eclesiásticas.

Ao abeiro do CDC, a administración dos bens eclesiásticos pertencelle aos Bispos en canto Ordinarios das dioceses, sen prexuízo da administración suprema do Papa a respecto de todos os bens eclesiásticos, cargo máis simbólico ca de orde práctica. Os Ordinarios, consonte co CDC e co Dereito particular de cada diocese e/ou persoa xurídico-pública eclesiástica, ha nomear administradores profesionais que están obrigados a asegurar os bens eclesiásticos, a coidar de garantir cadansúa propiedade polos medios civilmente

2 Código de Dereito canónico de 1983, canons 1254 ao 1309 (a.d.i.).

3 Sedes Apostólicas, no antigo cristianismo foron todas as fundadas por un Apóstolo: Roma e Antioquía (Pedro), Xerusalén (Santiago) e máis Alexandría (Marco). As invasións mahometanas e o Cisma de Oriente reduciron este concepto á diocese romana.

4 Instrumento Ratificatorio e texto íntegro no BOE n.º 300 de 15.12.1979 .

válidos e a garantir que non se lle xere dano á Igrexa pola inobservancia da normativa patrimonial do Dereito Civil –no noso caso quer Estatal, quer Galego.

Os Administradores han levar unha contabilidade ordenada, elaborando orzamentos anuais de ingresos e gastos, e han render contas anualmente ao Ordinario da diocese.

Porén, a doutrina social da Igrexa recoñece a función social da propiedade, dende o Concilio Vaticano II coñecida como «o destino universal dos bens»<sup>5</sup>. Como manifestación deste principio os administradores dos bens eclesiásticos han cumprir rigorosamente o Dereito estatal no eido laboral e social e, máis aínda, pagar un soldo xusto e honesto ao persoal contratado, de xeito que poida satisfacer a xeito as súas necesidades persoais e familiares.

O CDC regula tamén a normativa para o alleamento de bens, tentando que non se allee ben ningún por baixo do seu valor de taxación nin se allee ou alugue aos administradores ou familiares próximos. Tamén regula a necesidade de investir prudentemente os rendementos do patrimonio eclesiástico e do alleamento dos seus bens.

A norma xurídica eclesiástica non permite con carácter xeral as doazóns de bens eclesiásticos para fins de piedade ou caridade cristiá<sup>6</sup> no ámbito da administración ordinaria (a que exerce o Ordinario logo da audiencia dos Consellos de Consultores e Asuntos Económicos da diocese). Só autoriza esta caste de doazóns cos recursos do patrimonio non estábel, é dicir, coa tesouraría non afecta aos fins esenciais da diocese. Para actos dispositivos extraordinarios requiriríase o consentimento dos devanditos Consellos de Consultores e Asuntos Económicos, de obrigada constitución en todas as dioceses ao abeiro do Dereito Canónico, cumpríndolle á Conferencia Episcopal competente a determinación

5 «O dereito á propiedade privada só pode considerarse un dereito natural secundario e derivado do principio do destino universal dos bens creados» (Carta encíclica do Papa Francisco, *Fratelli tutti*; outubro 2020).

6 Canon 1285 CDC.

de que caste de actos dispositivos han de se considerar actos de administración extraordinaria<sup>7</sup>.

## 2.- Os alicerces históricos do patrimonio eclesiástico na Galicia

Visto coa perspectiva do presente, podemos dexergar que os bens do patrimonio eclesiástico divídense en dous grandes grupos: os que as propias dioceses, parroquias e outras persoas xurídico-públicas eclesiásticas reivindicán como propio sen un título escrito de dominio, e mais os bens adquiridos e posuídos ao abeiro dun título escrito apto para transmitirmos o dominio dos bens, nomeadamente dos bens inmóbeis (contrato de compravenda ou permuta, doazón, legado, herdanza, etc.).

Adiantamos xa que a problemática a analizarmos atópase nos bens supostamente pertencentes ao patrimonio eclesiástico (nomeadamente os seus bens inmóbeis) supostamente adquiridos por posesión ou prescrición inmemorial.

### 2.1. A prevalencia do contrato de foro na explotación das terras agrarias

Na historia do noso País as Institucións eclesiásticas (Ordes Monásticas e as dioceses galegas, nomeadamente a Mitra compostelá) constituíron dende o século XII os principais propietarios de terra na Galicia, adquirida na súa grande parte a medio das doazóns «*inter vivos*» e mandas e legados «*mortis causa*» deferidos por persoas abastadas da aristocracia. Este dominio directo sobre as terras

<sup>7</sup> Choca esta prudente e conservadora normativa coa apertura recente do debate arredor da posibilidade de vender bens inmóbeis ou móbeis da Igrexa que xa non se destinarían ao culto por mor da nova distribución da poboación e mais a queda de vocacións eclesiásticas e práctica relixiosa católica. Velaf o Congreso «*Deus não habita mais aqui? Desativação de locais de culto e gestão integrada de bens culturais eclesiásticos*» (Cidade do Vaticano, 29-30 novembro de 2018) e a mensaxe dirixida ao mesmo polo Papa Francisco (*Vatican Insider* 29.11.2018) na que, malia recoñecer a obriga de conservación do patrimonio cultural, o Pontífice declara que mesmo o valor cultural dos bens eclesiásticos, inmóbeis ou móbeis, non é un valor absoluto, sendo preferente o ben maior do ser humano, nomeadamente o destino destes bens ao servizo dos pobres.

conlevaba daquela o señorío xurisdiccional. A Coruña foi fundada no 1208 como cidade de reguengo polo rei de Galicia Afonso VIII en terreos que foron permutados coa Coroa polo mosteiro cisterciense de Sobrado dos Monxes (até entón propietario do chamado *Castellum de Pharo*<sup>8</sup> que incluía o antigo porto da Brigantia romana arredor da Torre de Hércules na península coruñesa), Lugo ou Compostela estaban sometidas á xurisdición de cadanseus bispos, como amplas bisbarras á xurisdición dos Abades de Sobrado dos Monxes, Meira, Samos, Celanova, Oia, Armenteira, Moraime ou Oseira.

A prevalencia do señorío eclesiástico, quer secular, quer regular, foi xerando unha Institución xurídica, o foro, dende finais do século XII. En virtude do contrato de aforamento o forista, titular do dominio directo, cédelle ao foreiro o dominio útil dunhas terras, normalmente de vocación agraria, determinadas. En troques, o foreiro comprométese a lle aboar ao forista un canon ou renda.

O predominio do dominio directo eclesiástico e a propia permanencia das Igrexas locais e das Ordes monásticas determinaron a meirande estabilidade desta Institución a respecto dos arrendamentos, parcerías ou outras cesións temporais e onerosas da posesión inmediata. A duración non era perpetua, mais si moi longa (a vida de tres xeracións de foreiros, a de tres reis e outros, 29 anos). Esta estabilidade favoreceu a produtividade agraria das terras galegas, que coa introdución do millo e da pataca explica o desenvolvemento económico e demográfico do século XVIII, canda o noso punxente barroco.

Tamén é verdade que a Audiencia do Reino de Galicia, Tribunal castelán de fasquía colonial implantado no século XVI e con xurisdición en todo o Reino (fosen territorios de reguengo ou señorío leigo, eclesiástico regular ou eclesiástico secular), tendeu a lle dar aínda máis estabilidade á institución foral<sup>9</sup>

<sup>8</sup> Non por acaso o Arciprestado que integra as parroquias da Cidade Vella, Peixería e Ensanche coruñeses chámase Arciprestado de Faro.

<sup>9</sup> A Audiencia adoptou o chamado *auto galego* como remedio procesual adoito empregado polos foreiros fronte aos despexos que sufrían nomeadamente da fidalguía leiga e algunha vez da eclesiástica, pretextando o remate do período foral de cesión do dominio útil. Nesa

No tempo do Catastro de Ensenada (1753) o dominio directo dos señores eclesiásticos, regulares ou seculares, acadaba dous terzos do territorio galego, sendo xeneralizado o uso do foro en todo o Reino de Galicia, agás na provincia de Mondoñedo, na que eran de aplicación preferente as fórmulas do arrendamento e da parcería, con cesións temporais de uso moito máis curtas.

## 2.2. A *desamortización de Mendizábal*

As guerras da Independencia e a Constitución de Cádiz (1812) sinalan a fin da Idade Moderna, tamén en Galicia. Até entón a Institución foral e a introdución dos novos cultivos, como dixemos, xerara elevados niveis de desenvolvemento económico e demográfico, xerando excedentes investidos na construción de pazos e outros edificios civís e eclesiásticos barrocos nun certo desenvolvemento industrial que atopou a resistencia da aristocracia e, sobre todo, dos bispos e clero galegos.

Co centralismo napoleónico como modelo e enfrontando a guerra civil carlista das resultas da falla de recoñecemento da lexitimidade da raíña Isabel II á morte do rei Fernando VII (1833), os gobernos liberais isabelinos planificaron a venda en pública poxa dos bens inmóbeis «amortizados», é dicir, aqueles que non se movían de mans por estar nas propias de propietarios eclesiásticos. O obxectivo era xerar diñeiro para pagar o exército liberal que loitaba contra os carlistas e crear unha base de propietarios que pagasen un tributo, imposto ou contribución fiscal polas terras que tiñan en propiedade.

A primeira das leis desamortizadoras, a do ministro de Facenda primeiro e Presidente do Consello despois, Juan Álvarez Mendizábal, foi promulgada en 1836 e aplicada na Galicia na década do

---

caste de circunstancias o auto galego adoitaba repor temporalmente o foreiro na posesión das terras que tiña cedidas en foro, mentres non se resolvía sobre o fondo do asunto, isto é, sobre se rematará ou non a vixencia temporal do foro.

A unificación das leis procesuais civís para todo o territorio do Estado e mais a creación do Tribunal Supremo, no 1822, extinguiu esta práctica procesual propia do noso país.

1840 e determinou, en grande parte, a substitución da propiedade regular e secular eclesiástica pola de determinados rendistas urbanos, residentes en vilas e cidades. O foro continuou, malia que a xeración de recursos a prol das familias labregas por mor da emigración americana foi redimindo os foros, apoiada pola lexislación da Restauración e da Ditadura de Primo de Rivera. Noutra ocasión a xeración de recursos a prol dos labradores máis abastados permitiulles a moitos destes adquirir, contra a fin do século XIX, as terras mercadas pola clase rendista galega na Desamortización de mediados de século<sup>10</sup>.

Da Desamortización só ficaron excluídas as igrexas e outros lugares de culto e os cemiterios, canda, en determinadas ocasións, as vivendas-habitación do clero secular (casas reitorais), mais dun xeito adoito impreciso, pola dificultade en desvencellar ás veces este patrimonio do patrimonio desamortizado. No 1843 aos gobernos liberal-progresistas desamortizadores sucederon a xeira de gobernos moderado-conservadores presididos ou dirixidos na praxe por Narváez. A desamortización consolídase e, en troques, a Monarquía española asina un Concordato coa Santa Sé (1851) pola que asume con ampla xenerosidade o mantemento do culto e clero e compromete a devolución do patrimonio afecto a estes fins. De por parte, o Papa Pío IX recoñeceu a licitude xurídica e moral da venda dos bens desamortizados, o que garantiu a seguranza da nova clase de rendistas<sup>11</sup>.

En diante a Igrexa Católica non cuestionará as resultas da desamortización (mesmo nin os carlistas o van facer) e aplicarase a acadar o mellor financiamento do culto e clero e mais a garantía das súas propiedades destinadas a estes fins, canda o control, polo menos parcial, do primeiro ensino.

---

10 Velaf o dito finisecular «As casas dos señores van parar aos labradores».

11 Segundo ten relatado o esgrevio historiador e intelectual Xosé Ramón Barreiro, recentemente falecido, esta clase de rendistas, en boa medida, integrou as fileiras do carlismo nas vilas e cidades galegas contra a fin do reinado de Isabel II e primeiros anos do Sexenio Revolucionario (1868-1874).

### 2.3. A *desamortización de Madoz* (1855-1900)

A segunda xeira desamortizadora comezou coa Lei Madoz (1855), que ordenaba a venda en poxa pública de todos os bens rústicos e urbanos, censos e foros do estado e propios e común dos «pueblos», agás montes, bosques e terreos de aproveitamento común<sup>12</sup>.

Mais os terreos de aproveitamento común dos veciños, que en Castela foron asimilándose a bens comunais dos concellos dende a implantación destes a partir da Constitución de Cádiz e, sobre todo, dende 1834, na Galicia continuaban na altura sendo administrados polas xuntas veciñais, polas comunidades veciñais, pois que os devanditos montes constituían (e aínda constitúen) unha propiedade privada e non pública, mais si colectiva. Non eran, pois, administradas polos concellos, senón polos veciños da aldea ou parroquia secularmente propietaria do monte ou terreo comunal. Na maioría, no sur de Galicia, eran explotados por todos os veciños, en man común, sen suxeición a cotas, polo mero feito de ser veciño con casa con lume e fume. Noutros casos, no norte e no centro de Galicia, os montes comúns ou abertos eran copropiedade dos distintos comuneiros con cotas que podían ser desiguais.

Até entón esta propiedade colectiva dos montes axudara a desenvolver unha agricultura equilibrada e punxente, fornecendo de madeira, combustíbel, alimentos para o gando e mesmo rotación de cultivos. Noutras bisbarras, como en Bergantiños, os bens veciñais destinábanse ao mantemento das persoas máis pobres da comunidade, os que non tiñan terras e eran autorizados a cultivar parte das terras «baldías». Pegerto Saavedra consideraba que o 75 % da terra galega era cualificada como «monte» no século XVIII e Ramón Villares constatou que, mesmo na altura de 1880, o terreo sen uso agrario nin forestal chegaba ao 33 %.

O sistema xurídico do novo Estado liberal entendía como único xeito de propiedade privada a individual, considerando sempre a copropiedade como unha situación non desexábel na que o copro-

<sup>12</sup> Artigos 1 e 2 da Lei Xeral de Desamortización de 1 de maio de 1855.

pietario desfrutaba sempre da acción para dividir a cousa común ou, de ser indivisíbel, para obter a súa poxa pública e repartimento do líquido obtido, deducidos os gastos xerados<sup>13</sup>. Non entendía, pois, a secular propiedade privada colectiva galega e, nomeadamente, a veciñal mancomunada, imprescritíbel, indivisíbel e non alleábel.

Xa que logo, malia que a lei desamortizadora excluía os terreos de uso colectivo dos veciños titularidade dos concellos (propiedade pública de uso comunal), os montes veciñais galegos foron incluídos nos Catálogos de Desamortización dende 1855<sup>14</sup>. Este proceso xerou un grave rexeitamento, polo que as comunidades veciñais e os concellos activaron os procedementos legais para excluír a venda en poxa pública dos montes que puidesen acreditar o uso veciñal nos últimos 20 anos. Neste senso, adoito se fornecía información e testemuñas nese senso, achegando proba do uso común, non limitado ao forestal, agrario e pecuario senón para a realización de feiras e mercados, romarías e festas. Velaí o carácter veciñal de moitos adros, igrexarios e terreos comúns destinados á feira, festa ou romaría a carón das igrexas, capelas e ermidas.

Lembra Aurora Artiaga que os concellos galegos adoitaban ser gobernados pola clase rendista que mercara o dominio directo dos bens desamortizados anteriormente propiedade da Igrexa, polo que case sempre defenderon a excepción dos terreos veciñais, xa que o Monte constituía complemento crucial dos terreos aforados e, xa que logo, a mellor garantía de que os foreiros lles pagasen os canons polos aforamentos. A clase rendista galega, que desenvolvía os cargos locais, era consciente de que o alleamento forzoso dos montes veciñais inviabilizaría o sistema agrario galego e, xa que logo, as rendas que adoitaban percibir dos agricultores foreiros. Tamén inviabilizaría a explotación capitalista do vacún de exportación ao Reino Unido dende mediados do

<sup>13</sup> Artigo 390 e seguintes do Código Civil de 1889.

<sup>14</sup> ARTIAGA REGO, AURORA, *A desamortización na provincia de Pontevedra (1955-2000)*. Tese de doutoramento presentada na USC en 1989.

século XIX, que determinou a construción do primeiro camiño de ferro galego, de Cornes, preto de Compostela, ao porto de Carril<sup>15</sup> dende onde o gando embarcábase cara á Gran Bretaña. Unha actividade que precisaba dos pastos comunais, xa que logo. Unha actividade que determinou tamén importantes achegas ás economías labregas que puideron enfrontar na fin do século o rescate dos contratos de foro ou mesmo a merca de amplas superficies agrarias aos rendistas, fenómeno que xa temos mencionado antes neste traballo.

Deste xeito, só pouco máis dun 5 % dos montes catalogados de primeiras no 1855 foi alleado en último de contas, case todo de propiedade estatal. Os montes de veciños foron salvados tanto a medio dos devanditos expedientes de excepción por uso comunal como pola promoción de preitos e mesmo a acción directa contra os poucos compradores que adquiriron bens veciñais.

Agora ben, a propiedade veciñal en man común seguiu sen se recoñecer polo Estado até as Leis de Montes de 1957 e 1968 e, canto ao recoñecemento da súa propiedade colectiva e mancomunada, até a Lei estatal de 1980 (que declarou nulas de pleno Dereito calquera ocupación, alleamento ou división dos montes veciñais) e a Lei galega de 1989<sup>16</sup>.

Adiantamos xa que a zona de conflito entre a propiedade colectiva veciñal e a eclesiástica son os terreos de aproveitamento común próximos ás igrexas, capelas e ermidas e que constituíron, dende tempos inmemoriais, lugares destinados ao uso común: feiras, mercados, romarías, festas dos Patróns parroquiais ou mesmo onde se reunían as xuntas de veciños que regulaban o aproveitamento das propiedades veciñais ou os propios concellos (como no caso do Couto Mixto ou do adro da igrexa coruñesa de Santiago, comezo do Camiño Inglés, onde adoitaba xuntarse o concello coruñés entre os séculos XIII e XV).

15 The West Galicia Railway Company.

16 Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aínda vixente, con algunhas engádegas e reformas.

#### 2.4. A Lei Hipotecaria de 1864 e as súas sucesivas reformas até 2015

Desenvolvida en bo grao a desamortización de Mendizábal, promulgouse a primeira Lei Hipotecaria (1864), que constitúe a primeira regulación do Dereito Inmobiliario Rexistral español. Esta Lei creou o Rexistro da Propiedade con carácter voluntario e non obrigatorio, de publicitación da propiedade, mais nunca constitutivo da mesma nin equivalente ao título. Con carácter xeral, entón, a titularidade rexistral non conleva o recoñecemento automático e incondicionado da cualidade de propietario ou titular dun dereito real sobre algunha propiedade inmóbel título de adquisición da propiedade. Malia que a adquisición posterior dun inmóbel ao seu propietario inscrito por parte dun terceiro de boa fe a título oneroso (é dicir pagando, non valería unha doazón, pacto sucesorio, legado ou herdanza) si será xuridicamente inatacábel<sup>17</sup>.

Neste contexto, a primeira Lei Hipotecaria recoñece o dereito de inmatricular sen título (é dicir, de rexistrar de primeiras unha propiedade inmóbel) ao Estado, provincias, concellos e á Igrexa Católica. Isto quere dicir que se lles outorga ás Autoridades administrativas e eclesiásticas a facultade de inmatricular os bens públicos ou eclesiásticos, ao considerar que estes existen de vello, resultando pouco doada a identificación do seu título. Lembremos que a calquera cidadán ou suxeito se lle recoñecía o dereito de inmatriculación só se contaba cun título apto para adquirir a propiedade do inmóbel.

Concretamente, facúltase os «*Diocesanos respectivos para inmatricular los bienes que posea el Clero o se le devuelvan y deban permanecer en su poder amortizados*»<sup>18</sup>. No contexto da Lei de desamortización de Mendizábal e do Concordato de 1851 a *ratio legis* da norma é clara: facilitarlle á Igrexa o rexistro dos bens destinados ao sostemento do clero (casas reitorais e os seus hortos, propiedades anexas, etc.), pois que son os bens non desamortizá-

17 Artigo 34 da Lei Hipotecaria.

18 Artigo 13 da Lei Hipotecaria aprobada por R.D. de 11.11.1864.

beis ou que mesmo se lle han devolver logo de ser inventariados para a desamortización por estar afectos ao culto e clero. Desta facultade inmatriculadora excluíronse os edificios destinados ao culto: igrexas, capelas e templos.

Convén entender esta primeira Lei Hipotecaria (1864) no contexto de paz e concordia das relacións Igrexa-Estado xerada polo Concordato de 1851. Rematado o labor desamortizador, son tempos de lle recoñecer á Igrexa Católica a posesión dos bens afectos ao culto e ao mantemento do Clero, mesmo de lle devolver algúns dos bens afectos de primeiras ao pulo desamortizador. Mais o sistema xurídico-liberal de mediados do século XIX, como xa dixemos, descoñece a propiedade privada colectiva ou veciñal e tende á consagración dun réxime de propiedade privada individual sen limitacións intrínsecas, polo que foxe da delimitación da posesión eclesiástica sobre os bens de culto e clero a xeito de posesión mediata, usufruto perpetuo, etc., que tentase compatibilizar este uso e desfrute co recoñecemento da propiedade pública (nomeadamente municipal) ou, na Galicia, colectivo-veciñal, tendo en conta o carácter de vello da relixión católica como relixión do pobo e do Estado, receptora de toda caste de achegas públicas e veciñais para construír e manter os bens e edificios destinados ao culto e mantenza do clero. Achegas que determinarían a equiparación destes bens aos de dominio público, ao considerar o culto e mantemento do clero como un servizo público (evidente no réxime dos Concordatos de 1851 e 1953 nas que a Igrexa era relixión oficial, mais tamén no réxime actual ao abeiro do artigo 16 da Constitución de 1978 e Acordos coa Santa Sé de xaneiro de 1979).

A equiparación da Igrexa Católica co Estado, concellos e provincias continuou no texto da Lei Hipotecaria aprobado polo Decreto de 08.02.1946.

No 1996 refórmase a Lei Hipotecaria para garantir a correspondencia da realidade rexistral coa realidade física do Catastro Inmobiliario, até entón realidades absolutamente separadas, separación que xerou grande número de litixios. E no 1998, gobernando o PP de José María Aznar, aprobouse unha reforma do Regulamento

Hipotecario que mantivo este privilexio eclesiástico e que, por primeira vez, permitiu a inmatriculación das igrexas, capelas e lugares de culto.

Vixente esta reforma normativa, as Autoridades diocesanas españolas aproveitaron para desenvolver unha moi ampla e xeneralizada actividade inmatriculadora, moi focalizada nos lugares de culto, moitos deles constitutivos do patrimonio arquitectónico cultural. Entre a vixencia desta reforma no 1998 e o 26 de xuño de 2015 (data na que entrou en vigor a reforma da Lei Hipotecaria que excluíu a facultade inmatriculadora das Autoridades eclesiásticas) fontes diversas avalían en 30.000 o conxunto das inmatriculacións operadas no conxunto do Estado (entre elas, as Catedrais de Burgos, Sevilla e Toledo e mais a Mezquita de Córdoba).

Dous anos despois de se derrogar a facultade inmatriculadora en xuño de 2015 por Lei 13/2015, de 24 de xuño, o Congreso dos Deputados aprobou unha proposición non de lei que requiría ao Goberno para relacionar todas as inmatriculacións eclesiásticas operadas entre 1998 e 2015. Os distintos Rexistros da Propiedade forneceron desta información ao longo de dous anos, coñecéndose en febreiro de 2021 a listaxe dos bens obxecto de inmatriculación no devandito período.

### 3.- Patrimonio eclesiástico vs patrimonio demanial público e veciñal en man común

#### 3.1. *Natureza xurídica da inmatriculación e avantaxes para os titulares rexistrais eclesiásticos*

A inmatriculación eclesiástica non determina a propiedade, simplemente anuncia e publicita que unha concreta persoa xurídico-pública eclesiástica (bispado, parroquia, Congregación, etc.) considérase propietaria dun ben determinado, que ha de se definir fisicamente de xeito unívoco, en total coordinación co Catastro.

As avantaxes da inmatriculación serán distintas se o ben se vai transmitir ou non a unha terceira persoa.



No caso dos templos, igrexas e edificios destinados ao culto non é habitual esta venda ou transmisión. Mais non é a primeira vez que determinadas Autoridades eclesiásticas non desbotan a desafección de determinados edificios do seu fin de servizo ao culto para poder ser vendidos e, deste xeito, achegar recursos para os outros fins da Igrexa, nomeadamente os de caridade e atención aos necesitados.

Se a Igrexa vendese un ben a un terceiro adquirente de boa fe, este adquiriría unha posición inatacábel fronte a calquera entidade ou persoa que se chamase a si mesmo como propietaria<sup>19</sup>, sempre que a venda se levase adiante despois de dous anos da inmatriculación. A excepción sería se o ben vendido fose de dominio público ou de titularidade mancomunada veciñal consonte á Lei galega de montes veciñais en man común. Neste suposto, a propiedade pública ou privada colectiva en réxime de man común prevalecería por ser imprescritíbeis en ambos os dous supostos.

Se o ben non se transmite a terceiro de boa fe a título oneroso, malia que decorran de máis dous anos dende a data de inmatriculación, o propietario lexítimo poderá reclamar o dominio até trinta anos despois da data de inmatriculación eclesiástica<sup>20</sup>.

### 3.2. Bens inmatriculados na Galicia entre 1998 e 2015. Análise da eventual litixiosidade e dos límites do patrimonio eclesiástico

Victorino Pérez Prieto<sup>21</sup> lémbra-nos que as distintas persoas xurídico-públicas eclesiásticas inmatricularon na Galicia entre 1998 e 2015 7000 bens (4000 destinados ao culto), un 20 % dos bens inmatriculados en todo o Estado (malia termos só menos dun 6 %

19 Artigo 34 da Lei Hipotecaria.

20 Artigo 1963 do Código Civil, que sinala en 30 anos a prescrición das accións sobre bens inmóbeis. Estes trinta anos han ser de posesión pública, pacífica e ininterrompida a título de dono. Nesta caste de situación é indubidábel que a inmatriculación abre este período de 30 anos para reivindicar os inmóbeis por canto até esa inmatriculación non é constatábel a pretensión da persoa xurídico-pública eclesiástica de se amosar como propietaria e non simple posuidora mediata ou xestora dunha propiedade pública ou común.

21 *Inmatriculacións*, Nós Diario 03.03.2021.

da poboación estatal). Trátase de bens inmatriculados pola simple certificación da Autoridade eclesiástica, por non ter outro título de dominio.

En realidade é este o problema crucial deste estudo. A Igrexa Católica universal, as súas Igrexas particulares e demais persoas xurídico-públicas eclesiásticas teñen todo o dereito de adquirir bens inmóbeis co seu patrimonio e rendas. Ninguén cuestiona, por exemplo, a lexítima adquisición e construción da nova igrexa ergueita a carón do edificio administrativo da Xunta na Coruña, na área de Monelos. Lexitimamente inmatriculábel polo seu título de compra de solar e declaración de obra nova do edificio construído encol do mesmo.

O problema, de certo, son os inmóbeis posuídos de vello, dende tempo inmemorial pola Igrexa, dos que a inmensa maioría carecen de título de adquisición, polo que foron inmatriculados ao abeiro do dereito da Igrexa recoñecido nas sucesivas redaccións da Lei Hipotecaria.

Ábrese, pois, coa recente publicación (febreiro de 2021) da listaxe dos bens inmatriculados pola Igrexa entre 1998 e 2015, a posibilidade de que os que coiden ser os seus lexítimos propietarios poidan reivindicarlos, é dicir, reclamar xudicialmente ser os lexítimos propietarios. Esta acción poderá ser exercitada

i) no prazo dos 30 anos seguintes á inmatriculación (cfr. artigo 1963 do Código Civil) no caso de que reivindicuen persoas xurídicas privadas ou Administracións Públicas por bens non destinados ao uso ou servizo públicos (bens patrimoniais e non demaniais) ou

ii) En calquera intre no caso que os concellos (como Administracións competentes no uso público ao que se destinan a igrexas, adros ou cemiterios parroquiais), a Xunta como Administración competente no eido do patrimonio cultural (que atende coas principais achegas á obriga de mantemento e conservación deste patrimonio) ou as propias comunidades veciñais en man común consideren que a propiedade dos bens inmóbeis inmatriculados lles pertenza, tendo en conta que a reivindicación dos bens de

propiedade veciñal en man común tamén é imprescritíbel, como a acción para que calquera Administración Pública poida reivindicar o dominio dun ben destinado ao uso ou servizo público.

Xa que logo, será crucial determinar, no caso do patrimonio eclesiástico inmatriculado ao abeiro dos privilexios da devandita Lei Hipotecaria se foi destinado de vello a unha finalidade de culto e mantenza do clero que o Dereito estatal considerou obra dos Poderes Públicos, convertendo en bens de dominio público os bens afectos a estes fins e, por outra banda, no caso do patrimonio cultural (quer inmóbel ou móbel) determinar se foi unha Administración Pública ou a propia comunidade veciñal a que achegou os principais recursos para manter este patrimonio. A resposta afirmativa a ambas as dúas cuestións determinará o alicerzamento das eventuais reclamación xudiciais para acadar unha decisión definitiva sobre a titularidade dominical deste patrimonio.

Fica pendente unha análise máis polo miúdo dos dereitos e obrigas das Administracións Públicas, comunidades veciñais e persoas xurídico-públicas da Igrexa Católica a respecto do patrimonio cultural, ao abeiro da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia e, nomeadamente, como se garante que os ingresos obtidos polas persoas xurídico-públicas eclesiásticas na explotación destes bens é destinado na súa integridade ao seu mantemento e non a outros fins, como desgraciadamente puidemos albiscar na xestión do patrimonio da Catedral compostelá hai poucos anos. Outra volta citamos o filósofo e teólogo galego Victorino Pérez Prieto cando di:

*o problema xurde quando a acaparação de monumentos históricos por parte da Igreja –com o beneficio que lle supõe o cobro de entradas a catedrais e outros monumentos dos que é possuidora– e de outros bens laicos, resulta escandalosa. Semelha em ocasiões un verdadeiro espolio dum património que pertence ao povo... Com isto, a Igreja perderia a sua inicial vontade de servir para converter-se, contra o projeto evangélico, numa empresa multinacional que acapara un capital imenso.*

#### 4.- Conclusións

- a) O patrimonio inmobiliario eclesiástico inmatriculado na Galicia entre 1998 e 2015 consiste nomeadamente en igrexas, capelas, ermidas e os seus adros e circundas, cemiterios parroquiais, casas reitorais e bens afectos a elas xestionados dende séculos pola Igrexa Católica para os fins do culto e da mantenza do clero.
- b) O usufruto deste patrimonio de vello non constitúe título de dominio a respecto da propiedade pública ou veciñal do mesmo, pois que os fins de culto e mantenza do clero aos que se destinou ese uso e desfrute eclesiástico non prexudicaría o mantemento da titularidade pública demanial ou veciñal.
- c) No caso do patrimonio cultural o feito de que sexan as Administracións Públicas ou as propias comunidades veciñais das parroquias as que enfrontaran e enfronten as achegas económicas e de traballo reforza o seu destino de uso e servizo público.
- d) A inmatriculación só prexudicará os lexítimos propietarios no caso de que decorran trinta anos dende a mesma sen reclamación ou sexan vendidos estes bens despois de dous anos dende a inmatriculación a terceiros de boa fe. Porén, en ningún dos dous casos prexudicará a propiedade demanial pública ou das comunidades veciñais en man común galegas por canto os bens demaniais e veciñais son imprescritíbeis.
- e) Sen prexuízo do dereito dos lexítimos propietarios de lle reivindicar a propiedade á Igrexa nos Tribunais de xustiza, cumpriría unha análise fonda e demorada no seo da Igrexa galega para distinguir propiedade de usufruto inmemorial e para dixerar esta cuestión consonte coa doutrina cristiá do destino universal dos bens.

Xoán Antón Pérez Lema  
Avogado